




lifefluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REXIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
LIFE16 NAT/ES/000771



ZEC Río Eo - ZEPA Ribadeo

ES1120002 - ES0000085





Os corredores fluviais presentan importantes valores naturais, culturais e económicos. O obxectivo do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do seu estado de conservación en 9 espazos da Rede Natura 2000. Desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en 5 concas fluviais do Noroeste ibérico, onde especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios poden causar deterioración e fragmentación de hábitats. Na conca do río Eo, actúa nos municipios galegos de Ribeira de Piquín, Meira, A Pontenova, Trabada e Ribadeo e nos asturianos de San Tirso de Abres, Vegadeo e Castropol.




Ría de Ribadeo: sur de As Aceas

Os ameneirais atlánticos e as carballeiras galaico-portuguesas, ambos hábitats de interese comunitario, configuran a paisaxe forestal natural das ribeiras da Ría de Ribadeo. LIFE Fluvial busca mellorar o seu estado de conservación e extensión.

Este enclave estaba ocupado por eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) e outras especies exóticas que cubrían el 74% da superficie. Taláronse más de 5000 eucaliptos e retiráronse más de 120 m² de sempreviva (*Helichrysum petiolare*) e 532 m² de cana (*Arundo donax*). Actuouse contra a hedra do cabo (*Delairea odorata*) e elimináronse acacias negras (*Acacia melanoxylon*) e a herba das bolboretas (*Buddleja davidii*). As especies autóctonas presentes protexéronse para a recuperación ambiental da zona.




Os eucaliptos ocupaban a maior parte deste enclave de actuación, chegando ata a mesma ribeira. Foi tallado e a madeira dourada. O eucalipto produce grandes cantidades de follaxe e de substancias inhibidoras da xerminación doutras especies



Algunhas especies alóctonas ocupaban grandes extensións, como a cana (*Arundo donax*) planta invasora orixinaria de Asia, ou a sempreviva (*Helichrysum petiolare*)



Plantáronse más de 11.000 pés de especies arbóreas autóctonas. Nas zonas más aptas para os ameneirais atlánticos colocáronse salgueiros negros (*Salix atrocinerea*), freixos (*Fraxinus excelsior*), pradairos (*Acer pseudoplatanus*) e avelairas (*Corylus avellana*), mentres que nas áreas con chan más seco empregáronse especies das carballeiras galaico-portuguesas: carballo (*Quercus robur*), bidueiro (*Betula celtiberica*), loureiro (*Laurus nobilis*) e érvedo (*Arbutus unedo*)



O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias concas fluviais atlánticas da Península Ibérica

